



# PLAN ANUAL DE LECTURA

*CURSO 2020-2021*

*C.E.I.P. FELICIANO BARRERA*



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



**Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega**

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



**UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO**  
"O FSE inviste no teu futuro"

# 1.ÍNDICE

<b>1.ÍNDICE</b> .....	<b>1</b>
<b>2.INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>3</b>
<b>3.OBXECTIVOS PROPOSTOS</b> .....	<b>3</b>
<b>4.ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA BIBLIOTECA</b> .....	<b>4</b>
4.1.Organización e xestión de espazos .....	4
4.2.Organización e xestión de fondos .....	5
<b>5.DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA</b> .....	<b>5</b>
5.1.Actividades de dinamización .....	6
5.2.Integración no tratamento do currículo .....	6
5.3.Desenvolvemento das competencias clave e alfabetización múltiple.....	7
<b>6.FORMACIÓN DE USUARIOS</b> .....	<b>7</b>
6.1.Formación de usuarios .....	7
6.2.Competencia informacional .....	8
<b>7.FOMENTO DA LECTURA E DO PROXECTO LECTOR</b> .....	<b>8</b>
7.1.Fomento da lectura e da escritura .....	8
7.2.Desenvolvemento do proxecto lector .....	8
<b>8.AVALIACIÓN</b> .....	<b>8</b>
8.1.Procedementos de avaliación.....	8
8.2.Criterios de avaliación .....	9
<b>9.EQUIPO DE BIBLIOTECA</b> .....	<b>10</b>
9.1.Equipo de biblioteca .....	10
9.2.Horario previsto .....	10



## 2.INTRODUCCIÓN

Elaboramos o plan anual de lectura tendo sempre en conta o proxecto lector de centro. Ademais, tense sempre en conta o proxecto proposto para o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.

O CEIP Feliciano Barrera entrou no PLAMBE no curso 2011-2012 e, en vista do éxito do proxecto ao longo destes anos, continuarase no mesmo camiño durante o presente curso.

Este plan anual de lectura integra tódalas actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias clave a través destas. Trátase da concreción anual do Proxecto Lector de Centro.

Este documento está deseñado para desenvolver a curto prazo. A partir da análise do contexto en materia de lectura, articulamos tódalas intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e cursos, incorporando a biblioteca escolar como recurso fundamental para a súa posta en marcha.

## 3.OBXECTIVOS PROPOSTOS

A continuación, unha listaxe cos principais obxectivos que pretendemos acadar para o vindeiro curso:

- ✓ Facilitar a lectura e o **préstamo bibliotecario** a toda a comunidade educativa.
- ✓ Avanzar nos termos relacionados coa **biblioteca inclusiva** dende a solidariedade, convivencia, igualdade e compensación de desigualdades.
- ✓ Incidir na mellora da **competencia dixital** do alumnado a través da biblioteca e do proxecto proposto este curso pola biblioteca.
- ✓ Diseñar actividades de **fomento da lectura** como as mochila viaxeiras, hora de ler, itinerarios lectores...
- ✓ Vincular a Leo León e ao propio espazo da biblioteca coa **convivencia** no centro.
- ✓ Promover o traballo por **proxectos** e o traballo **cooperativo** nas aulas.
- ✓ Mellorar a **competencia lectora** do alumnado a través de diferentes actividades propostas como xogos, busca de enigmas, busca do tesouro, actividades para traballar as distintas conmemoracións, concursos, recitais...
- ✓ Participar, de ser seleccionados, no proxecto de **Biblioteca Creativa**.



- ✓ Motivar dende a biblioteca un **proxecto interdisciplinar** a nivel de centro, avanzando cara a alfabetización múltiple dinamizando espazos da biblioteca e do centro.
- ✓ Favorecer a adaptación dos **itinerarios lectores** a todas as aulas de primaria no período lector diario.
- ✓ Fomentar a participación das **familias** de xeito virtual na biblioteca.
- ✓ Formar ao alumnado dos últimos cursos na gravación de **vídeos tutoriais**, que expliquen aspectos importantes da biblioteca.
- ✓ Dinamización do **blogue** de biblioteca incorporando todas as actividades relevantes realizadas tanto na biblioteca como no centro.
- ✓ Diseñar criterios de **xestión** do orzamento en función das necesidades.
- ✓ Celebrar e participar en actividades relacionadas con algunhas **conmemoracións**: Día das Bibliotecas Escolares, Día da Paz, Semana da Prensa, Semana do Libro, Letras Galegas...
- ✓ **Dinamizar un espazo da biblioteca ao aire libre** favorecendo o interese pola lectura, a relación con outros e o acceso á información.
- ✓ Favorecer a **formación do profesorado**, prestando especial atención a temas relacionados coa biblioteca escolar, proxectos, traballo cooperativo...
- ✓ Motivar entre o alumnado a **música** de calidade e o consumo de música na biblioteca.
- ✓ Elaborar a enquisa de **avaliación** sobre o traballo e as actividades feitas dende a biblioteca ao longo do curso.
- ✓ Establecer **normas de uso** acomodadas ás xerais establecidas no protocolo a causa da COVID-19.

## 4.ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA BIBLIOTECA

### **4.1.Organización e xestión de espazos**

Este curso pretendemos ampliar o espazo da biblioteca ao aire libre e que sexa un lugar máis **atractivo e acolledor** para o profesorado e o alumnado.

A causa da COVID-19, cada día da semana visitará a biblioteca un único grupo estable de convivencia, seguindo os horarios establecidos. Ningún dos grupos estables de convivencia que se organizan no centro chega a cubrir o 50% de aforo da biblioteca. Ningún alumno ou alumna que non pertenza a ese grupo pode entrar na biblioteca ao longo de toda a xornada.



Na biblioteca respectaranse as normas habituais de seguridade no centro ademais das seguintes:

- O alumnado deberá hixienizar as mans antes de despois da súa estancia na biblioteca.
- O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual aínda que o devolto deberá permanecer en caixas identificativas e illadas ata o día seguinte.
- Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando implique un uso compartido mentres dure a situación sanitaria excepcional.
- O profesorado que acompañe a cada grupo será o responsable de realizar o préstamos de libros.

#### **4.2. Organización e xestión de fondos**

Para o vindeiro curso, ademais do habitual **expurgo** e de continuar **actualizando** e ampliando en xeral os fondos existentes, queremos facilitar o **acceso** á lectura e á información para o alumnado, nos itinerarios lectores e **dinamizar** a biblioteca como un espazo de benestar e gozo de toda a comunidade educativa.

Ademais recolleremos e **valoraremos propostas** entre os nosos lectores para encher os andeis das súas lecturas preferidas, asemade os docentes do centro poderán facer tamén as súas propostas para o alumnado.

Tamén os fondos irán dirixidos para mercar libros que axuden nos diferentes proxectos realizados durante o curso.

### **5.DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA**

En canto a este apartado, continuaremos coas **habituais actividades** que se veñen facendo dende a biblioteca.

Despois de tres anos facendo **proxecto interdisciplinar** a nivel de centro, isto xa forma parte do xeito de traballar no centro e seguiremos nesa liña.

Neste curso escolar imos intentar entrar na selección de centros para participar no proxecto de **Biblioteca Creativa**, potenciando a biblioteca como un espazo creativo de aprendizaxes e favorecendo as competencias clave do alumnado.



## 5.1. Actividades de dinamización

Seguiremos a realizar as **habituais actividades** de dinamización: mochilas viaxeiras, caixas de lectura, caixas temáticas, conmemoracións e datas especiais, club de lectura, mes da poesía, mes do libro, proxecto interdisciplinar, exposicións do alumnado en relación co proxecto, hora de ler, blogues ...

Por outra banda, intentaremos introducir algunhas **actividades diferentes** que sexan novidosas e atractivas para o alumnado e para o profesorado, como por exemplo “procura de enigmas” e “procura do tesouro”.

Seguiremos contando coa **implicación das familias** na nosa biblioteca, de xeito virtual a causa da COVID-19, para que o alumnado vexa que a biblioteca non só é cousa de nenos e nenas e que aos pais e nais tamén lles interesa. Así que intentaremos ter visitas virtuais de familiares que nos poidan dar algunha pequena conferencia, contarnos contos, falarnos das súas experiencias, ...

Por suposto, para todas estas actividades haberá que buscar sempre unha **relación co tema** escollido para o proxecto. Deste xeito, estará todo relacionado entre si, traballaranse varios ámbitos en cada actividade e a motivación será maior para todos.

Procuraremos dar máis protagonismo no cole á nosa caixa das suxestións onde os cativos e cativas poden facer as súas aportacións persoais para mellorar o estado e funcionamento da biblioteca.

Seguiremos insistindo na utilización de ferramentas dixitais como blogue e e-mail da biblioteca, ordenadores, tablets, páxina web do centro e outros recursos dixitais da zona: páxina do concello, blogues informativos da zona...

E por último, seguiremos facendo que a nosa mascota, Leo León, sexa o gran protagonista e amigo dos nenos e nenas.

## 5.2. Integración no tratamento do currículo

En xeral, os titores e titoras, están a **diminuír a cantidade de libros de texto** que se adoitan pedir no centro, polo tanto haberá que estar moi centrados neste apartado para que non haxa carencias con respecto ás distintas materias e competencias. Cremos que esta é unha gran oportunidade para que a biblioteca se afiance como centro de recursos.

Dende a biblioteca seguiremos pendentes de facer continuas **suxestións de materiais** para cada unha das materias e cursos e as nosas portas están abertas a propostas novas que se consideren oportunas para o bo funcionamento do centro, das áreas, do currículo e, especialmente, do desenvolvemento do alumnado. Procurarase que os materiais propostos sexan variados, en distintos soportes e que atendan ás demandas de profesorado e alumnado.



Para todo isto é preciso que dende o equipo de biblioteca nos amosemos abertos, dispostos e **comprometidos co resto do claustro**, pois queremos pedir axuda ao profesorado para seleccionar materiais, respondendo ás necesidades reais do alumnado, do currículo, da metodoloxía de cada quen e do centro en xeral.

### **5.3.Desenvolvemento das competencias clave e alfabetización múltiple**

Tanto o Proxecto Lector de Centro, como o Plan Anual de Lectura e o Proxecto Anual de Centro, baséanse en propostas de actividades encamiñadas á consecución de **contidos curriculares**, o desenvolvemento das distintas **competencias** e, esencialmente, ao **desenvolvemento integral** do alumnado. A finalidade da Educación Infantil é o desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual do alumnado, nun ambiente acoledor, respectando os ritmos madurativos de cada quen, e a finalidade da Educación Primaria é facilitarlles ao alumnado as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalos e preparalas para cursar con aproveitamento a Educación Secundaria Obrigatoria. Dende a biblioteca queremos favorecer o **desenvolvemento de todas as aprendizaxes** de forma directa a través da propia biblioteca e de forma indirecta, a través do Proxecto Anual de Centro.

## **6.FORMACIÓN DE USUARIOS**

### **6.1.Formación de usuarios**

Para este novo curso presentamos a biblioteca ao alumnado, a través de vídeos titoriais por parte do alumnado, que explicarán de xeito máis próximo a distribución de toda a biblioteca, andeis, xogos, ordenadores, libres de consulta, caixa de correos das suxestións...

Cremos que é necesario propoñer actividades que impliquen o uso dos ordenadores, **non só para buscar información**, se non tamén para o uso de editores de texto, a iniciación ao uso de editores de partituras, editores de imaxe... Sería interesante programar pequenas investigacións puntuais sobre festividades ou outros temas de interese, elaboración de webquest; guías para o alumnado e o profesorado sobre o traballo por proxectos, elaboración de **modelos** por parte do equipo de biblioteca para a busca de información...



Desexamos propoñer como actividade de ocio e formación de usuarios de biblioteca a utilización dun **programa de mecanografía** nos ordenadores da biblioteca para o alumnado.

## **6.2.Competencia informacional**

Igual que nos cursos pasados, a educación para o acceso á información, a súa selección e o tratamento da mesma, será o aspecto máis traballado a través do **proxecto interdisciplinar**. Agora que xa hai un hábito, cremos que este traballo será máis sinxelo.

# **7.FOMENTO DA LECTURA E DO PROXECTO LECTOR**

## **7.1.Fomento da lectura e da escritura**

A nosa intención é seguir centrados no teatro, a poesía, as receitas, as revistas... Seguiremos traballando con **itinerarios lectores** para favorecer o fomento da lectura e a comprensión lectora.

Cremos que, en xeral, xa temos creado un bo hábito de lectura, pero este hábito segue un pouco centrado na narrativa e parécenos que é necesario seguir traballando para afeccionar ao alumnado a **todo tipo de lecturas**.

Ademais, cremos que xa é hora de darlle a importancia que merecen na biblioteca a **expresión escrita e a expresión oral**. Deseñaremos actividades encamiñadas tanto á práctica da expresión escrita como da expresión oral e á posta en común cos compañeiros e compañeiras do centro, a través de exposicións, concursos e actividades nas que o alumnado sexa anónimo.

## **7.2.Desenvolvemento do proxecto lector**

En lugar de insistir en *“ler moito”* imos seguir insistindo máis en *“ler de todo”* ou en *“ler algo distinto ao que leo sempre”*. Se cadra, ata o de agora era máis necesario o *“ler moito”*, pero logo da boa experiencia de cursos anteriores, parécenos necesario seguir afondando nesa parte do proxecto lector que fala dos distintos tipos de lectura e das formas de desfrutar desa lectura.





## **8.AVALIACIÓN**

### **8.1.Procedementos de avaliación**

Os **aspectos a avaliar** nun proxecto deste tipo son moitos:

- ✓ Actuación do equipo directivo, participación do alumnado, participación das familias, implicación do profesorado...
- ✓ Idoneidade das actividades propostas, posibilidades didácticas dos recursos empregados, eficacia das medidas adoptadas para a consecución dos obxectivos...

Dada a cantidade de elementos a avaliar, os **procedementos** deben ser ricos e variados, proporcionando información dende distintos puntos de vista:

- ✓ Revisión dos arquivos no programa Meiga: catalogación de fondos, usuarios habituais, préstamos, tipo de libros máis solicitados...
- ✓ Revisión do blogue, cantidade de visitas, comentarios, participación do alumnado e das familias, ...
- ✓ Cuestionarios, estatísticas, revisión dos diarios das mochilas viaxeiras...
- ✓ Conversa cos participantes nas actividades propostas, posta en común dos resultados obtidos...
- ✓ Observación diaria e sistemática do funcionamento da biblioteca.
- ✓ Observación diaria e sistemática da participación e implicación dos distintos membros da comunidade educativa.

### **8.2.Criterios de avaliación**

Os principais criterios de avaliación para o vindeiro curso son os seguintes:

- ✓ **Eliminar barreiras** de acceso á información dende a biblioteca debido ao COVID-19.
- ✓ **Facilitar o acceso** á lectura e o préstamo de libros.
- ✓ Incorporar referencias e actividades relacionadas coa **biblioteca inclusiva** dende a solidariedade, convivencia, igualdade e comprensión de desigualdades.
- ✓ Propoñer actividades que impliquen o **uso dos ordenadores**, non só para buscar información se non tamén para o uso de programas e ferramentas.
- ✓ Dar a posibilidade de empregar recursos informáticos de xestión e uso dos ordenadores e da biblioteca.



- ✓ Revisión dos arquivos no programa Meiga, catalogación de fondos, usuarios habituais, préstamos, tipos de libros máis solicitados...
- ✓ Revisión do blogue, cantidade de visitas, comentarios, participación do alumnado e das familias...
- ✓ Cuestionarios, estatísticas, revisión dos diarios das mochilas viaxeiras...
- ✓ Conversa cos demais membros do claustro sobre a actuación da biblioteca na vida do centro.
- ✓ Conversa cos participantes nas actividades propostas, posta en común dos resultados obtidos...
- ✓ Exposición e promoción das actividades de biblioteca.
- ✓ Observación diaria e sistemática do funcionamento da biblioteca e da participación e implicación dos distintos membros da comunidade educativa.
- ✓ Aumentar o protagonismo da caixa de correos da confianza no que o alumnado poida contar o que lle preocupa, o que lle sucede no centro, o que necesita para atoparse mellor...
- ✓ Dinamizar espazos da biblioteca, favorecendo o interese pola lectura, a relación con outros e o acceso á información.
- ✓ Proponer actividades dende a biblioteca nas que se traballe a convivencia no centro.
- ✓ actividades que promovan o traballo cooperativo na biblioteca e nas aulas.
- ✓ Proponer itinerarios lectores baseados na dificultade de comprensión.
- ✓ Elaboración dunha enquisa referente ao traballo da biblioteca ao longo do curso
- ✓ Promover na biblioteca conferencias ou pequenas charlas impartidas polos propios **familiares dos alumnos/-as** (avós e avoas, tíos/-as, pais e nais, ...), de xeito virtual.
- ✓ Proponer obradoiros a partir de **vídeos titoriais** para o alumnado.
- ✓ Proponer actividades que promovan o **traballo cooperativo** na biblioteca e nas aulas.
- ✓ Realizar un **novo proxecto** e intentar que o traballo ao redor do mesmo vaia en aumento e se potencie ao máximo a participación de profesorado, alumnado e familias.



## 9.EQUIPO DE BIBLIOTECA

### 9.1.Equipo de biblioteca

Logo de avaliar os resultados obtidos, decidimos seguir co mesmo sistema e crear a principio de curso un **equipo de mestres** con coñecementos de bibliotecas escolares e/ou realmente interesados en colaborar con este proxecto..

Este curso os compoñentes serán:

- ✓ Coordinadora: Sara Edreira Tarela
- ✓ Mónica Castro Roa
- ✓ Mar Martínez Domínguez
- ✓ Mari Luz Rodríguez González

### 9.2.Horario previsto

En canto ao **horario lectivo**, debido á COVID-19, cada día da semana visitará a biblioteca un único grupo estable de convivencia. Ningún alumno ou alumna que non pertenza a ese grupo pode entrar na biblioteca ao longo de toda a xornada.

No que respecta ao **horario do profesorado** para tarefas de biblioteca, cada un dos mestres do equipo dispón dunha hora de biblioteca á semana para dedicar ás tarefas de dinamización da biblioteca. A coordinadora dispón ademais dunha hora a maiores para as labores específicas de coordinación.

Isto supón un total de 5 horas semanais dedicadas exclusivamente á biblioteca. Ademais disto, os membros do equipo de biblioteca, adoitamos empregar gran parte das nosas horas de garda para facer as labores propias do equipo.

